

## FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO, ACADÉMICO E DIRECTOR DA BIBLIOTECA PENZOL

ANA ACUÑA

**E**sta entrevista a don Francisco Fernández del Riego ten historia, historia por canto nos permitiu, aínda máis, admira-la afouteza e dedicación dun home magoado polas circunstancias pero sempre disposto a cumprir co seu deber cara a Galicia. Superando duras probas persoais e despois de establecer un primeiro contacto en decembro de 2001, retomamos esta entrevista en marzo de 2002, pero non queremos rematar sen desexarlle saudíña física e espiritual para el e para a súa familia.

### *Madrygal*– Recordos da súa nenez.

*Francisco Fernández del Riego*– Eu nacín nunha vila monástica da provincia de Lugo, preto do Cantábrico, chámase Vilanova de Lourenzá. Fundou o mosteiro que deu orixe á vila un conde pertencente á familia da monarquía de León, chamábase o conde Osorio Gutiérrez. Era señor de Campos e de Galicia. Interviu moito nas batallas contra os mouros e tivo un gran protagonismo e cando finou a súa muller pois quixo desentenderse de toda a súa historia e doou a terra, as posesións ós seus fillos. El andou buscando entre esas posesións unha na que se retirar e bateu –custoulle moito- con este lugar de Vilanova de Lourenzá e alí fundou no século X un mosteiro bieito. El vestiu hábito de monxe pero non de monxe regular senón de lego, da comunidade e parece que se compraciá moito en realizar os traballos máis humildes. Despois fixo a peregrinaxe a Terra Santa, foi palmeiro a Terra Santa e, ó seu regreso, trouxo un sartego, un sartego dunha pedra oriental na que se conservan os seus restos e que figura hoxe nunha capela da igrexa de Lourenzá.

O mosteiro é de orixe románica, non se conservan a penas vestixios desa época, foi reconstruído no XVIII e na época barroca. A fachada da igrexa

foi deseñada polo propio autor de Santiago, da fachada do Obradoiro, Casas Novoa ou Nóvoa.

Eu fixen os primeiros estudos na escola primaria cos rapaces da miña vila, tiven unha gran mestra inicial que se chamaba dona Estrela, substituíuna despois –ela trasladouse a Elche, era de Vilalba– substituíuna tamén outro mestre, bo pedagogo que se chamaba don Maximino. E, finalmente, o último profesor de primaria que tiven chamábase don Xosé e este si que era un mal mestre.

Despois empecei os estudos de bacharelato cos bieitos, cos frades bieitos de alí porque na miña época estaba en vixencia, pasárase dun plan chamado 1903 ó plan Callejo. E este plan Callejo estaba dividido en dúas formas: había un bacharelato elemental que remataba no terceiro ano, despois había un cuarto común e despois os dous últimos, de quinto e sexto, que podían ser de ciencias ou de letras por opción do estudante. De maneira que estudiei os tres primeiros anos de bacharelato elemental na miña vila e fame examinar por libre ó instituto de Lugo. Unha vez rematados os estudos de bacharelato elemental pois decidín continuar os estudos do que se chamaba bacharelato universitario e trasladeime a Monforte, ó colexio dos escolapios en onde estudiei como alumno interno. E fun precisamente a Monforte porque un tío meu estudiara alí o bacharelato tamén e alí permanecín tres anos, os tres anos do bacharelato universitario.

Fixen a reválida de universitario na universidade de Santiago e constaba de tres exercicios: un exercicio oral, un exercicio escrito e outro de idiomas. Fomos moi poucos os que aprobamos as tres cousas, algúns quedaron pendentos de idiomas...

E eu rematei o bacharelato e decidimos seguir a carreira universitaria. Meu pai gustáballe moito que eu fixese a carreira de dereito, eu non tiña vocación

por dereito, pero en fin. Non me impuxo nunca que eu estudiase esta carreira, pero vin que lle gustaba e traslademe a Madrid. No vello casarón de San Bernardo estudei o primeiro ano de dereito. Recordo perfectamente que o profesor de Dereito Romano era Castillejo, o de Filosofía do Dereito ou Dereito Natural era Pérez Bueno, o de Historia do Dereito era Ríaza, Román Ríaza, inda que algún tempo antes del estudei con Galo Sánchez, antes de que se incorporase Román Ríaza que era o seu auxiliar.

Aquel ano proclamouse a República, eu intervín activamente nas manifestacións universitarias máis ou menos daquela época e incluso mostrei as miñas simpatías por un movemento de servizo da República que integraban ou que dirixían Marañón, Ortega y Gasset e Pérez de Ayala.

Como eramos once irmáns, meus pais fixeron números e pensaron que para o que custabamos sete irmáns que estabamos en colexios fóra, estudiando fóra da nosa vila, con ese precio pois podíamos sosternos todos. Entonces decidiuse que a familia se trasladase a Santiago. Trasladámonos a Santiago. Eramos dezaseis daquela época, de maneira que quedou deserta a vila. E aí seguíu ou empecei a carreira de dereito, a carreira de dereito no segundo curso.

No momento de chegar, coñecín de primeiras a Luís Tobío que era auxiliar de Historia do Dereito na universidade e el introduciume no Serminario de Estudos Galegos, púxome en relación cos galeguistas da localidade. Inscribinme naquel momento como membro da Agrupación Galeguista antes de constituír o Partido Galeguista. Isto, eu fun secretario do Grupo Galeguista de Santiago en outubro do 31 e o Partido Galeguista constitufuse en decembro do 31 en Pontevedra.

A miña actividade comezou así. Eu xa antes na miña vila ó chegar de Madrid, nas vacacións, o 25 de xullo, empecei a sentir non soamente que xa estaba superado o sentimento de Galicia, empecei a reflexionar sobre o problema de Galicia e, con outro compañeiro que estudiaba medicina, celebramos o día de Galicia, o 25 de xullo de 1931 na miña vila. Izamos a bandeira galega no concello e pronunciei desde o balcón do concello, por primeira vez, unha oración en público. De maneira que a primeira vez que falei publicamente foi aí, era un rapaz aínda, tiña dezasete dezaioito anos. E despois en Santiago é onde comeza a miña máis intensa actividade.

### *M.- Universitarios en Madrid e Santiago. Encontro con Galicia.*

*FF. d. R.-* Ben, xa me encontrara en Madrid con algunhas lecturas. Empecei a ler a Rosalía, lía a Curros, lía ó propio Vicente Risco. Entonces empecei xa a concienciarme, é dicir, a superar o sentimento e reflexionar sobre o problema de Galicia, pero eso fortaleceuse en Santiago.

En Santiago entrei en contacto cos homes do Seminario de Estudos Galegos, con algúns profesores da universidade e con membros da Xeración Nós. Entón empecei realmente a incorporarme de cheo ó mundo da cultura galega, é dicir, eu frecuentaba daquela época non soamente o Seminario de Estudos Galegos, senón a imprenta Nós, en onde se editaban os libros galegos (da que era propietario Anxel Casal).

Na universidade comecei de seguida a dar-me a coñecer polo traballo e o esforzo de realizar no ambiente universitario unha orientación galeguizadora da universidade. E eu, claro, incorporeime ás asociacións e fun designado xa delegado da Facultade de Dereito, delegado da Asociación de Estudiantes de Dereito. Despois eu comecei a simultanear os estudos de dereito cos de filosofía e letras polos que tiña verdadeira vocación.

Naquela época a universidade tiña unha facultade que se chamaba de Filosofía y Letras pero en realidade era Xeografía e Historia. Entonces simultaneei as dúas cousas e tamén fun delegado dos estudantes de Filosofía y Letras. E ó final as cinco facultades entón existentes, que eran Farmacia, Dereito, Medicina, Ciencias Químicas e Filosofía y Letras, a cámara oficial destas facultades designoume delegado en Xunta de Goberno. De maneira que eu era delegado de tódolos estudantes de tódalas facultades na Xunta de Goberno integrada por catedráticos, polo rector, vicerrector e decanos. Entón en todos estes aspectos eu sempre traballei arreo para que a universidade se identificase co seu contorno, é dicir, que cobrase un acento galego, porque era unha universidade totalmente allea ós problemas de Galicia. Fun designado tamén pola cámara federal para pronunciar o discurso de apertura de curso en nome dos estudantes o ano 1934, paréceme que foi. E pronunciei un discurso sobre «La universidad gallega ante el momento actual», onde solicitaba moitas das cousas que viña demandando nas reunións de estudantes das dúas facultades en que eu actuaba. E nese discurso, «La uni-

versidad gallega ante el momento actual», pedía que se creasen cátedras de lingua, de literatura e de historia galega na universidade. Cousas que, naquel momento, parecían difíciles de conseguir e hoxe están superadas.

Dirixín tamén o segundo número da revista *Universitarios*. Era unha revista amorfa, sen comprometerse con Galicia nin co seu país nin coa súa cultura. Entón fun designado director do segundo número e comecei xa a incorporar traballos sobre Galicia, traballos bilingües, non soamente en castelán senón traballos bilingües. E claro, foron moitas, intervín en moitas faenas universitarias daquela época. E entón empecei daquela a cobrar unha certa sona de orador e o Partido Galeguista incorporoume ó programa de difusión de doutrina galeguista. Como orador coincidín unha chea de veces con Castelao, con Suárez Picallo, con Otero Pedrayo, con Bóveda, etc. De maneira que andei por toda Galicia predicando as ideas galeguistas. Ó mesmo tempo decidiuse (había grupos locais, en vilas e cidades, de mocidades galeguistas) crear unha federación de todas as sociedades e a min designáronme como secretario xeral.

Como secretario xeral dese movemento galeguista e, nunha primeira asemblea constitutiva, participaba comigo como secretario de organización, como secretario de propaganda, Isla Couto, Ramón Colmán e despois outros. Pero ó cumprir o mandato desta primeira etapa reincorporeime de novo ó partido e participei despois intensamente na propaganda do Estatuto, en onde exercín funcións de secretaría técnica nos apartados das reunións na asemblea de concellos que se celebrou en Santiago.

En realidade esta xuventude, ou época de nenez e primeira mocidade, están resumidas así.

#### M.— Os mestres

*FF. d. R.*— Nesa época Otero Pedrayo foi a figura que máis admiraba e quería, fomos grandes amigos, identificados en moitas cousas. Eu pasaba longas temporadas de cada ano na época da matanza na Casa Grande de Cimadevila, en Trasalba. De maneira que chegamos a unha grande amizade, a pesar da diferenza de idade. Amizade e admiración pola miña parte.

Outra figura foi Castelao, á parte de Risco, Otero Pedrayo e Castelao. Castelao era unha figura que me despertaba unha singular simpatía e polo seu xeito de ser, pola súa calidade humana, pola súa xenerosi-

dade, pola súa firmeza de conviccións e polo xeito, incluso, de acenar e de falar nas tertulias. Fixen varias campañas con el, entre elas unha campaña pola provincia de Lugo (estivemos en Viveiro, en Ribadeo, en Lugo), e recordo perfectamente que durante a viaxe parábase nos sitios onde vía un cruceiro para debuxalo. Iría ser despois material para *As cruces de pedra na Galiza*, que se editou en Buenos Aires con moita posterioridade.

#### M.— A universidade. Obxectivos.

*FF. d. R.*— Conseguíronse obxectivos que eran inverosímiles para nós naquel momento. Xa che digo que nese discurso de apertura pedíase como aspiración, a creación de cátedras de lingua e literatura. Hoxe con todas as deficiencias que existen en realidade avanzouse notabilísimamente. É dicir, hoxe o galego é un idioma oficial, hoxe o galego está, utilízase nos centros de ensino desde o ensino primario ata o universitario. De maneira que os avances son notorios.

Ás novas xeracións que partiron xa dunha realidade, parécelle que os avances son mínimos, pero os que vimos de posicións negativas, parécenos un avance extraordinario. Isto non quere dicir que o avance rematase, hai que seguir moito máis adiante aínda. Faltan moitas cousas por realizar e faltan moitas cousas por conseguir, pero en realidade os avances son notables.

#### M.— A mocidade galega hoxe.

*FF. d. R.*— A mocidade hoxe véxoa moito mellor que no meu tempo. No meu tempo eran grupos minoritarios. Eran unidos, claro, eran movementos de unión, pero xa digo, minoritarios, non tiñan o alcance que teñen na actualidade.

Non había unha soa muller, sobre todo intelectual ou de nivel universitario que falase en galego. De maneira que, aquí o grupo galeguista de Vigo precisamente considerou unha gran conquista que a raíña da beleza daquela época estivese presente nun mitin galeguista. De maneira que a muller era a máis reacia a incorporarse ó movemento galeguista. Hoxe ocorre todo o contrario, en xeral e tamén no mundo da cultura, é dicir, boas escritoras, bos poetas e incluso dedicadas á investigación, boas filólogas, etc. De maneira que hoxe en certo xeito non hai discriminación xa nesta orde de cousas con respecto ó idioma.

**M.- No libro *O cego de Pumardedón* fala dunha «Xeración perdida». ¿A súa?**

*FF.d. R.-* Estou falando da época do franquismo, da época da guerra civil, a represión era brutal: había incapacidade absoluta para actuar, onde non se permitía a utilización do idioma en público. Non podía evitar que os paisanos falasen en galego, naturalmente, pero se puidesen tamén llo procurarían.

Entón, claro, a nosa xeración apareceu truncada por todos estes reveses. En canto nos repuxemos un pouco, en canto pasamos as primeiras andadas, entón empezamos a reflexionar de novo e a tratar de recuperar o camiño perdido e, efectivamente, así fixemos.

Empezamos primeiro con certa timidez e burlando moitos atrancos con fórmulas equívocas, pero en realidade de aí partiu o arranque para os días de hoxe. Non perseguíamos prosperar, nós que traballabamos moito no anonimato, o que perseguíamos era que as ideas de Galicia prosperasen e que as novas xeracións se fixesen cargo do futuro.

**M.- Erades intelectuais polivalentes, como na época do Seminario de Estudos Galegos.**

*FF.d. R.-* Pero na época do Seminario de Estudos Galegos non todo era así. Na época do Seminario empezou xa a especialización, creáronse equipos de traballo, por exemplo, tiñamos sección de xeografía, unha sección de historia, outra de arqueoloxía, outra de ciencias políticas e xurídicas, outra de economía, de pedagogía, etc. De maneira que non eran polivalentes aínda que algúns tocaban moitos teclados, indubidablemente.

Eu, por necesidade, eu non fun poeta nin escribín un verso sequera porque non tiña vocación de poeta nin aptitudes para tal nin tampouco un narrador, en cambio a política de ensaios servíame de camiño para difundir as ideas. Entón foi o xénero que cultivei fundamentalmente.

Ora toquei moitos baleiros que había que ir cubrindo, con deficiencias, claro, eu non era un home solvente para ocupar baleiros determinados, aínda que facía un esforzo e, sobre todo, tiña gran esperanza. Eu sempre fun un optimista, este optimismo salvou moitas cousas.

**M.- *La Noche*, a BBC, Galaxia e Grial.**

*FF.d. R.-* En realidade o noso labor, tímido, comezou co Suplemento dos sábados de *La Noche*.

Eu empecei a publicar, simultaneamente con Otero Pedrayo en *El Correo Gallego*, uns artigos co pseudónimo de Salvador Lorenzana, titulábao «Un tema gallego cada semana»; despois outros que titulaba «Atalaya de Galicia».

Nesto destacou certa ilusión e certa esperanza nas xentes e o director do periódico –Goñi, un carlista navarro– pois deuse conta do problema e decidiu facer un suplemento semanal dedicado á literatura, á cultura en xeral e á socioeconomía do país. Entón chamou a Isla Couto e a min aquí e que fosemos a Santiago. Entrevistámonos con el, deunos carta branca para facer este semanario e entón facíamolo desde aquí, redactábamolo aquí. É dicir, Isla Couto un día gravou o primeiro número, despois eu conseguín colaboración de todos os vellos galeguistas.

Moita cousa fixen de carácter anónimo. Aí aparecen cousas que eu fixen e que non aparecen firmadas para poder encher ocos nun momento determinado. Este suplemento era bilingüe, por primeira vez e con moito medo empezaron a incorporarse textos en galego e entón chamou a atención en moitos sectores e incrementou incluso os sábados a venda do periódico.

Entón había xente que facían denuncias a Goñi, de min concretamente. E dedicamos un número monográfico en onde os colaboradores exaltaban os eclesiásticos galeguistas, a figura dos eclesiásticos galeguistas, cada un deles. Isto parece que sentou mal e provocou preocupacións. Despois, un número posterior en onde Paz Andrade fixo un artigo de Castelao e eu outro sen firma, pois determinou que ó seguinte número se suspendese a revista. Escribume Goñi a min unha carta dicindo:

–Mire, houbo un tempo que mandaban denuncias contra vostede e eu botábaas ó cesto dos papeis, chegou un momento en que xa non é posible... Pero agora chegan as instrucións que non pode, hai que suspender o periódico. O saldo que queda é que eu me aproveitei de vostedes e vostedes se aproveitaron de min. De maneira que queda compensado o saldo.

Case simultaneamente organizáronse na BBC de Londres unhas charlas en catalán, en galego e en vasco, a terceira semana de cada mes utilizábase o programa galego. Era director Reimúndez, un ourensán exiliado que comezou os labores con xente de alí. Os programas iniciábanse cun canto peculiar que se chamaba «O gafo do Norte».

Nos momentos iniciais foron colaboradores dos programas galegos e non galegos residentes en Londres. Eles comisionáronme a min para que coordinase este labor e eu dirixinme a todos estes escritores e galeguistas que colaboraban no Suplemento de *La Noche*, pedíndolles colaboracións, pedinlles artigos para ler. En realidade, as consignas eran as seguintes: tiñan que ser textos de divulgación, de literatura, de historia, de xeografía, de folclore, de economía, de socioloxía... do que fose, pero de divulgación e sen comprometer politicamente á emisora. E así estivéronse realizando durante varios anos estas emisións que tiveron grande eco e eran semiclandestinas, nin semi, eran clandestinas. A xente nas aldeas, nas vilas e nas cidades escoitaba a unha hora determinada da noite con grande ilusión.

Aí colaboraba Otero Pedrayo, colaborou Cuevillas, colaborou Iglesia Alvaríño, colaborou Piñeiro, Fole... os escritores xa daquela época. Isto mantívose durante varios anos, xa digo sen compromiso político senón simplemente de divulgación e sempre en galego. Cando o galego estaba suprimido dentro do país, estíbese emitindo por unha radio internacional. De maneira que a xente escoitaba o galego, o galego culto que se impedía utilizar no propio país.

Posteriormente desaparecido o Suplemento de *La Noche* e desaparecida a BBC de Londres, pensouse en crear unha sociedade para editar unha revista en galego ou bilingüe polo menos. As dificultades eran tremendas, non había xeito de facelo, pero, e sobre todo, a sociedade, non podía ser unha sociedade calquera porque estaría controlada inmediatamente. Entón decidíuse por iniciativa de Isla Couto, constituír unha sociedade anónima que dependía do dereito mercantil e non do poder político. Creouse unha sociedade anónima que se denominou Editorial Galaxia con accións de mil pesetas que podía subscribir calquera fraccionadamente para que tivese maior amplitude. Ademais impedíase que ninguén puidese adquirir máis de dez accións para evitar que quedase monopolizado en determinadas persoas. De maneira que se lle quería dar un carácter popular.

Comenzamos do seguinte xeito: concibimos unha revista que se lle puxo o nome de *Grial*, pero simultaneamente Álvaro Xil –que fora membro do Partido Galeguista, membro destacado, sancionado e preso, que estaba agora cunha gran empresa en Madrid– decidiu financiar a edición de cantigas

de Cabanillas, *Antífona da Cantiga*. Entón ofrecéulle a Galaxia para que coa súa venda fixese algún diñeiro e apareceu este libro como publicación unitaria case ó mesmo tempo có primeiro número de *Cuadernos Grial*.

As primeiras manifestacións da editorial Galaxia mantivéronse a base dunha publicación trimestral que se chamaba *Publicación Grial*. Esa colección *Grial* trataba por primeira vez de facer unha publicación periódica que informase do sentido novo da cultura que se tiña no país. O primeiro deles titulouse *Presencia de Galicia*, nese libro figura un ensaio de Ramón Piñeiro –que foi nomeado director literario da editorial– titulado *Significado metafísico da saudade*. Esta publicación repetíuse no segundo trimestre cun traballo monográfico titulado *Pintura actual en Galicia*, onde se facían diversos ensaios e traballos sobre a pintura galega contemporánea e se facía un inquérito ós propios pintores. Un terceiro libro que coincidía co aniversario de Curros e de Emilia Pardo Bazán, o título paréceme que era *Presencia de Curros e dona Emilia*. E o cuarto foi un número dedicado á cousa xurídica e económica de Galicia.

Nese momento entrevi a Dirección Xeral de Prensa da que era titular Juan Aparicio, dirixíuse a nós e díxonos que non se podía seguir publicándoo eso porque se estaba publicando con autorización da Dirección Xeral de Cultura (ou de Educación, non sei do que era) e correspondíalle á Dirección Xeral de Prensa. Correspondíalle –segundo el– porque, inda que aparecía disfrazada, en realidade era unha publicación periódica como manifestaba a súa estrutura interior e, claro, a periodicidade. Entón dependía da Dirección Xeral de Prensa e suspendeu a súa publicación.

Moitos anos despois, cando comezou xa a liberalizarse un algo a postura política do franquismo, comezou a publicarse mensualmente ou trimestralmente tamén a publicación co mesmo título pero xa como revista. Esixíannos daquela que tiña que haber un director periodístico ou que figurase á fronte dela e nomeamos simbolicamente un periodista, pero codirixíamola Ramón Piñeiro e mais eu. Esta publicación mantívose ininterrompidamente durante cen números sin que se producise nunca ningún retraso na súa publicación. Nela colaboraron non só escritores xa consagrados senón escritores novos e non só escritores galegos senón escritores de fóra. De maneira que foi unha gran revista aglutinadora que logrou grande prestixio

non soamente en Galicia senón nos centros universitarios europeos, nos departamentos de filoloxía románica das universidades europeas e americanas, etc. De maneira que deixamos no número cen a publicación e despois veu coa xeración posterior que foi a encargada de continuala.

#### M.— A Fundación Penzol.

*FF. d. R.*— A Fundación Penzol débese naturalmente a Fermín Fernández Penzol Labandera. Fermín Fernández Penzol era fillo dun maxistrado de Ponferrada e dunha señora de Castropol. De maneira que el era un home que pertencía á Galicia histórica porque o seu pai era de Ponferrada (do Bierzo) e a muller era da parte occidental de Asturias que pertencía á zona galega histórica. Este home, inda que naceu accidentalmente en Sahagún, porque o seu pai exercía as funcións xudiciais naquel momento nesa cidade, vencellouse desde moi novo á cultura galega. Fixo estudos en Mondoñedo, tamén exerceu o seu pai de xuíz, despois en Pontevedra e finalmente en Madrid.

Pertenceu desde o primeiro momento ós movementos galeguistas como o das Irmandades da Fala e actuou sempre ó servizo do país. Sendo moi novo descubriu un día, en Madrid, nun posto de revistas, un librillo de Lamas Carvajal, *Catecismo do labrego*, e depertoulle interese. Desde entón comezou a ler cousas galegas e propúxose formar unha biblioteca privada a base de tódolos libros que se referisen a Galicia, o mesmo en idioma galego, que de tema galego, que escritos por estranxeiros sobre Galicia, etc. E pouco a pouco cun gran esforzo, foi reunindo libros.

Opositou a Rexistro da Propiedade, exerceu esta misión en varias localidades e rematou en Barcelona. En todo este período chegou a constituír unha biblioteca privada de gran significación e importantísima, sobre todo porque estaba constituída por libros raros e por libros que non se atopaban en ningures naqueles momentos nin nos actuais. Ademais foi adquirindo documentación e manuscritos de todo tipo.

Chegou un momento en que, el non tiña fillos, quería ser coherente e deixarlle ó país, esta gran riqueza bibliográfica. Entón os homes de Galaxia, principalmente Ramón Piñeiro e nós tamén, pois falamos con el da posibilidade de instalala nalgunha zona do país. Considerouse que Coruña, Lugo, Ourense, Santiago tiñan xa bibliotecas abon-

do para realizar estudos de investigación, en cambio Vigo non tiña ningunha deste tipo. Entón decidiuse establecela en Vigo e fíxose unha fundación da que era presidente o propio Penzol, instalouse primeiro na rúa Policarpo Sanz e despois trasladouse a este sitio onde estamos agora, a Casa da Cultura. Está dotada de tódolos medios necesarios para os investigadores: está informatizada, hai ordenadores non soamente para a informatización senón tamén para os propios investigadores e lectores, ordenadores de tipo individual e tamén correo electrónico, hai fax, hai fotocopiadora, é dicir, tódolos medios precisos para realizar o labor que se soñou e que Penzol desexaba que se producise. Hoxe asisten moitos investigadores de dentro e de fóra, xentes que veñen a documentarse aquí para as teses de doutoramento e mesmo para as memorias de licenciatura, etc. De maneira que é unha institución que cumpre a súa misión e que está en funcións desde o ano 1963. Encargueime eu, por indicación do propio Penzol e do Consello da Fundación, da dirección da biblioteca que veño exercendo desde o ano 1963 ata hoxe.

#### M.— A Real Academia Galega.

*FF. d. R.*— A Academia Galega, como é sabido, fundouse no ano 1905. Os antecedentes foron que Murguía escribiu un artigo nunha publicación do Balneario de Mondariz no que falaba da necesidade de constituír un centro de cultura que se adicase ó estudo de tódolos aspectos da cultura galega, é dicir, no eido histórico, xeográfico, lingüístico, etc. Ese artigo foi lido na Habana polos emigrados, principalmente por un ferrolano que exercía traballos tipográficos e pareceulle extraordinaria a idea e convocou á xente de alí e o asesoramento de Curros Enríquez, emigrado tamén. Entón constituíron unha asociación de axuda e promoción da Academia Galega. Esta Academia Galega constituíuse na Coruña baixo a dirección de Murguía e nela participaron corenta —daquela corenta— académicos distribuídos proporcionalmente nas catro provincias galegas.

Esta institución veu funcionando, mal que ben, durante moitos anos, pero na época do franquismo debido principalmente a Casás —que fora alcalde da Coruña na dictadura de Primo de Rivera— puido sobrevivir, cubríronse as vacantes (xentes que se foran ó exilio, outros morreran, outros foran sancionados, etc.). Entón a Academia veu funcionan-

do sempre en castelán, sen folgos, sen un propósito definido, etc. Pero chegou un momento en que o grupo Galaxia e os colaboradores e amigos, decidiron que como se trataba dun organismo oficial, inda que inoperante, pois era un organismo representativo fóra de Galicia da cultura galega. Decidimos, pois, introducirmos dentro dela e a medida que se producían vacantes, fóronse mettendo como académicos novos elementos e pouco a pouco foise empregando o galego na redacción das actas, nas comunicacións, no diálogo e nas polémicas que se producían dentro da Academia, etc. Cousa insólita porque ata entón todo esto se producía en castelán.

Despois exerceron xa nos últimos tempos unha función directora Martínez Risco, Sebastián Martínez Risco, e Domingo García Sabell. Ultimamente fun elixido eu para presidente da Academia Galega e con varios propósitos pola miña parte: de establecer unha política de consenso, de abrir a Academia a valores auténticos que estaban fóra dela, de redactar e aprobar uns novos estatutos (os que estaban en vixencia eran do ano 1906, eran totalmente obsoletos), tamén un regulamento de réxime interior e, por último, a redacción dunha gramática.

Os fundadores soñaron sempre cunha institución dedicada á investigación e ó estudio de tódolos sectores da cultura galega, pero con preponderancia da cousa idiomática. Para iso suxerían a necesidade de facer un diccionario e de facer unha gramática. O diccionario comezou a facerse e publicáronse varios fascículos no Diccionario de Autoridades e, recentemente, con filólogos do Instituto da Lingua Galega que son académicos, comezaron a publicarse diccionarios en edicións sucesivas. Pero faltaba por publicar a gramática. Na época en que eu deixei a Academia xa fora designada unha comisión de expertos para realizar este labor e estaba xa en funcionamento.

Unha das cousas que se establecía nos novos estatutos era que a presidencia e os directores que sempre tiveron carácter vitalicio, exercen as súas funcións en períodos determinados, o período establecido foi de catro anos renovables por outros catro máis. Eu, ó cumprir os catro anos, pensei que xa tiña a misión cumprida que me impuxera e que debían de sucederme outros. Neste aspecto foi elixido por case unanimidade Xosé Ramón Barreiro Fernández, catedrático de historia contemporánea que colaborara estreitamente comigo como mem-

bro da xunta directiva. O camiño está aberto e por aí segue.

#### M.- O Día das Letras Galegas.

*FF d. R.*— Pois eu pensaba, particularmente, pensaba que sería conveniente crear un día representativo en Galicia de carácter semellante ó do libro español. A festa do libro estableceuse en España conmemorando, como referencia, o pasamento de Cervantes. Entonces eu quería facer algo paralelo en Galicia. Para eso andei remexendo en antecedentes para ver qué data se podía escoller que fose representativa e significativa. Pensaba, ademais, que esa data tiña que ser fóra do tempo de vacacións dos estudantes. E entonces dándolle voltas, collín *Cantares gallegos*, fun mirar o pé de imprenta e non existía, pero en cambio había adicatoria a Fernán Caballero: 17 de maio de 1863. Cumpríase ademais o centenario do nacemento de Rosalía.

Entonces considerei que era o momento e a referencia conveniente para instituír un día que me parecía que debía denominar Día das Letras Galegas. Redactei ese documento, púxenlle a firma a dous académicos porque tiñan que ser tres os que o presentasen á Academia Galega. Firmárono comigo o arquitecto Gómez Román e o arquiveiro Ferro Couselo. Presentouse á Academia, a Academia aprobou a idea por unanimidade. Foi autorizada oficialmente a celebración e, desde o ano 1963, veuse celebrando.

De maneira que 1963 foi unha data significativa porque foi a da inauguración da Biblioteca Penzol, a da inauguración da revista *Grial* na segunda etapa e a de institución do Día das Letras Galegas.

#### M.- Obra publicada.

*FF d. R.*— Eu publiquei xa desde neno. Publiquei miles —non centos, miles— de artigos de tódolos tipos e en tódalas revistas e periódicos existentes, en periódicos de América, de Galicia, de Madrid, de Cataluña, etc. E despois da guerra xa me decidín a publicar libros. O primeiro que apareceu foi *Cos ollos do noso espírito*, que foi premiado nun concurso de América. Despois escribí unha chea de libros de divulgación e referentes a temas galegos polo xeral, e fixen libros instrumentais, incluso cheguei a facer un libro de creación, un libro do tipo memorias.

E, sobre todo, creo que por primeira vez publiquei un libro sobre literatura contemporánea europea e universal. Eu sempre fun un lector impenitente e lía as revistas e autores de teatro e ensaístas de Francia, de Alemania, de Italia, de norteamérica, de América do sur (nesa época e en épocas anteriores tamén). Despois das lecturas ía facendo unhas páxinas ou unhas notas de tipo impresionista, non crítico senón impresionista. Reunín despois todas estas notas e publiquei un libro que titulei *Letras do noso tempo*.

Seguín escribindo de tódolos tipos, antes eran artigos máis ben de tipo ideolóxico, agora máis ben de tipo literario, etc. De maneira que levo setenta e un anos traballando sen parar. Agora creo que me chega a etapa de xubilación.

*M.*– **As súas lecturas.**

*FF. d. R.*– Seguen sendo relecturas de tempos anteriores e textos moi escollidos. Eu fun un lector, por exemplo, moi asiduo e reiterativo dos novelistas do século XIX, é dicir, de Balzac ou de Stendhal, de Flaubert, de Dostoievski, de Dickens, de Baroja, etc. Todos os escritores que fixeron unha novela que puideramos chamar realista. Despois claro, familiariceime moito con Kafka, con James Joyce, etc.

*M.*– **As viaxes.**

*FF. d. R.*– Gustoume moito viaxar, hoxe xa non me gusta pero gustoume moito viaxar. Andei por case toda Europa (polo menos por media Europa) e andei por varios países americanos: por Uruguai, pola Arxentina, polo Brasil e por Venezuela. E des-

pois coñezo moi ben Portugal de norte a sur, Italia de norte a sur e unha gran parte de Francia. Fixen incluso algunhas viaxes con sacrificios e con medios moi limitados pero gustábame moito ir ó meu aire, sen entrar en excursións colectivas, recibindo as impresións que me fixesen as cousas que contemplaba e que vía.

E despois escribín diversos libros reflectindo estas viaxes, como por exemplo o libro titulado *Pegadas de viaxes*, nel narro dalgún xeito as impresións das miñas viaxes polo estranxeiro. Despois fixen unha guía de Portugal e fixen tamén estudos, un libro ou dous libros, sobre viaxes en Galicia, etc.

*M.*– **Alguén o definiu a vostede como «memoria dun pobo», ¿cales son as súas lembranzas hoxe?**

*FF. d. R.*– Eu quedaríame con todo porque non me arrepinto de nada. Penso que traballei ó servizo do país, da súa cultura e do seu idioma desde o primeiro momento ata o último. De maneira que lembranza específica ningunha, senón a totalidade dun traballo ó que fun fiel e coherente sempre ata o extremo de que os libros e os obxectos de arte que fun xuntando durante a miña vida, pois considerei que despois de morto, debía de entregarllos ó pobo. Entregueillos á cidade de Vigo porque doutro xeito se malograrían, en cambio aquí terán continuidade e servirán á xente que veña despois de min.

*M.*– **Moitas grazas por entregarnos parte do seu tempo.**

*FF. d. R.*– Graziñas a vós.